

ACTA DA 5ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 9 de xullo de 2019

Lugar: Sala 1, Edificio da Biblioteca e Arquivo, Cidade da Cultura, Santiago de Compostela

Hora de comezo: 12:00 h

Hora de remate: 13:30 h

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, secretario xeral de Cultura, presidente
2. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal
3. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos, vogal
4. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal
5. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia, vogal
6. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra, vogal
7. Pilar Cagiao Vila, profesora titular de H^a Contemporánea da USC, vogal
8. Margarita de la Calle Amaro, analista de Xestión do Rendemento e Calidade da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, vogal
9. Carlos Iglesias Patiño, xefe do Servizo de Coordinación e Planificación do Instituto Galego de Estatística, vogal
10. José Luis Castro Carpintero, técnico de arquivos da Deputación Provincial de Pontevedra, en representación da FEGAMP, vogal
11. Susana Díaz García, técnica de arquivos do Concello de Foz, en representación da FEGAMP, vogal
12. José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, xefe do Servizo do Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña, vogal
13. Rodrigo Silva Poceiro, arquivista do Arquivo Territorial de Xustiza de Pontevedra, en representación da Dirección Xeral de Xustiza, vogal
14. M^a Isabel Novo Castro, letrada da Asesoría Xurídica de Cultura, vogal

Ausentes

M^a Aránzazu Portabales Santomé, Intervención Xeral da Xunta de Galicia, vogal

Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, vogal

Xustifican a ausencia

Natalia Prieto Viso, directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, vicepresidenta

M^a José García Sexto, directora da Área de Modernización das Administracións da AMTEGA, vogal



Orde do día

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración local:

Concello de Foz

- AL 212: Expedientes de expropiación forzosa
- AL 236: Licencias de obras menores

Concello de Ferrol

- AL 594: Padróns do imposto sobre circulación de vehículos
- AL 545: Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos
- AL 595: Padróns e listas cobratorias de taxas e prezos públicos
- AL 552: Expedientes de taxas e prezos públicos

Deputación Provincial de Pontevedra

- AP 5: Resolucións presidenciais
- AP 14: Mocións
- AP 13: Expedientes de constitución da Corporación

3. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais de Universidades:

- U001. Expedientes de xestión do gasto e do pagamento
- U002. Expedientes de modificacións orzamentarias
- U003. Expedientes de bolsas de carácter xeral do ministerio
- U004. Expedientes de bolsas propias da Universidade. Bolsas comedor
- U005. Expedientes de eleccións ao Claustro Universitario

4. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:

- AA1305: Expedientes de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.
- AA4947: Expedientes de procesos selectivos de acceso do persoal estatutario do sistema público de saúde.

5. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:

Solicitudes presentadas pola Consellería de Educación que contan con Táboas de valoración aprobadas pola Orde do 10 de maio de 2019 e publicadas no DOG núm. 97 do 23 de maio de 2019:

- o T014: Serie: AA0268: Expedientes de concursos de traslados do persoal docente de ensinanzas medias.
- o T016: Serie AA1307: Expedientes de axudas para actividades de formación do alumnado en linguas estranxeiras.

Solicitudes presentadas pola Consellería de Cultura que quedan condicionadas á aprobación das Táboas de valoración e a súa posterior publicación no DOG:

- o AA1305: Expedientes de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.





- AA4947: Expedientes de procesos selectivos de acceso do persoal estatutario do sistema público de saúde.

Mediante addenda á convocatoria da 5ª sesión realizada o 27 de xuño de 2019 engádesse no punto 5 da Orde do día as seguintes propostas de eliminación de documentos:

- Solicitude presentada pola Axencia Tributaria de Galicia que contan con Táboas de valoración aprobadas pola Orde do 10 de maio de 2019 e publicadas no DOG núm. 97 do 23 de maio de 2019:
 - T017: Serie: AA635: Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares.
- Solicitude presentada pola Consellería do Mar que contan con Táboas de valoración aprobadas pola Orde do 10 de maio de 2019 e publicadas no DOG núm. 97 do 23 de maio de 2019:
 - T018: Serie: AA3335: Expedientes de permiso de explotación a pé de recursos mariños. (PERMEX A PÉ)

6. Rolda de intervencións

Deliberacións

Antes de dar comezo a sesión, o presidente presenta á nova subdirectora xeral de Arquivos e Museos, Mª del Carmen Calviño Rodríguez.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da 4ª sesión do Consello de Avaliación Documental de Galicia.

Apróbase a acta da sesión anterior

2. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración local

O presidente pasa a palabra a Susana Díaz, arquivista do Concello de Foz que explica as series avaliadas polo seu concello:

- AL 212: Expedientes de expropiación forzosa
- AL 236: Licencias de obras menores

Os estudos non levan o selo nin a sinatura da Secretaría do concello. Anxo Lorenzo lembra que cando o estudo se presenta no Grupo de traballo pode ir sen firmar, pero unha vez aprobado por este, ten que presentarse ao Consello asinado polo responsable.

Alfonso Cascudo pide que se aclare o que se vai a eliminar exactamente. Susana Díaz aclara a cuestión.

Mar García pregunta pola interpretación do tema do acceso. Non sempre utilizamos o mesmo criterio (30 anos ou 50 anos). Luis Castro di que na Deputación de Pontevedra teñen unha instrución que considera á Lei de Transparencia superior á lei de Arquivos polo que nos estudos da Deputación se establece a data de 50 anos.



Margarita de la Calle opina que é unha interpretación bastante restritiva e pon como exemplo á propia Xunta de Galicia onde ese tipo de datos se publican nas subvencións.

Apróbanse as dúas series.

O presidente pasa a palabra a José Luis Castro que expón as series presentadas polo Concello de Ferrol:

- AL 594: Padróns do imposto sobre circulación de vehículos
- AL 545: Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos
- AL 595: Padróns e listas cobratorias de taxas e prezos públicos
- AL 552: Expedientes de taxas e prezos públicos

En relación aos padróns do imposto sobre circulación de vehículos debateuse moito no Grupo de traballo si debían ou non ser eliminados. Finalmente aprobouse a súa eliminación. Alfonso Cascudo di que se debería falar de conservación parcial, xa que se conserva o 20%. O representante do IGE, en relación á mostraxe propón conservar dende o ano 1981 os anos rematados en 1 e en 6 para que coincidan coas datas do Padrón.

Mar di que os estudos deberían facerse ata a data actual. José Luis contesta que o estudo fíxose coa documentación que se custodias no arquivo.

Alfonso Cascudo di que o criterio de ordenación “mixta” debería ir en “outra”.

Apróbanse as series propostas co a proposta do IGE

José Luis pasa a explicar as series documentais propostas pola Deputación Provincial de Pontevedra:

- AP 5: Resolucións presidenciais: Mar García pregunta si non sería mellor denominar a serie “Rexistro de Resolucións presidenciais”. Luis Castro contesta que a denominación é a que corresponde ao cadro de clasificación. Gabriel Quiroga di que reduciría o contido e pasaría á información ao campo nota, xa que se repite a información. Alfonso di que se cita un real decreto en materia de acceso que regula aos arquivos da administración central, aquí non aplicaría.
- AP 13: Expedientes de constitución da Corporación. Mar García pregunta por qué o estudo da serie comeza no ano 1960. Luis Castro contesta que é a documentación que existe no arquivo
- AP 14: Mocións. Gabriel propón que se denominen “Expedientes de mocións”

Apróbanse as propostas coas observacións feitas.

3. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais de Universidades:

Toma a palabra José Luis Minguéz da Universidade da Coruña para comentar as series documentais propostas polas universidades. Anxo Lorenzo pregunta por qué se inicia o estudo no ano 1991 e José Luis aclara que o Grupo de traballo tomou esta decisión de comezar para poder participar as tres universidades:

- U001. Expedientes de xestión do gasto e do pagamento
- U002. Expedientes de modificacións orzamentarias
- U003. Expedientes de bolsas de carácter xeral do ministerio
- U004. Expedientes de bolsas propias da Universidade. Bolsas comedor
- U005. Expedientes de eleccións ao Claustro Universitario





En relación a serie U003. “Expedientes de bolsas de carácter xeral do ministerio” Gabriel cuestiona a denominación da serie, falta concretar para qué. Isabel Novo di que falta normativa estatal e autonómica nalgúns series, por exemplo nos expedientes de bolsas falta a lei de transparencia. Mar García responde que a normativa está recollida no apartado de acceso.

Alfonso reitera o comentario de que se marcan prazos moi restritivos: 50 anos, e que se debería establecer un prazo menor, de 30 anos. Isabel Novo comenta que sempre que existan datos persoais hai que dar traslado aos titulares para que autoricen o acceso aos documentos. Sen autorización non se se debería dar acceso. Margarita de la Calle propón solicitar unhas instrucións internas do delegado de protección de datos das administracións.

Apróbanse os estudos propostos.

4. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:

O presidente pasa a palabra a Mar García que expón as propostas da Administración autonómica:

- AA1305: Expedientes de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.
- AA4947: Expedientes de procesos selectivos de acceso do persoal estatutario do sistema público de saúde. Anxo advirte que falta a referencia á lei de transparencia. Mar di que é un erro, que está repetida a lei estatal e falta a galega. Hai que corrixir o estudo

Apróbanse as dúas propostas coas observacións feitas

5. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:

Apróbanse as dúas propostas de eliminación que contan con táboas de avaliación publicadas

- o Serie: AA0268: Expedientes de concursos de traslados do persoal docente de ensinanza medias. T014:
- o Serie AA1307: Expedientes de axudas para actividades de formación do alumnado en linguas estranxeiras. T016

As propostas seguintes apróbanse tamén pero quedan condicionadas á aprobación das Táboas de valoración e a súa posterior publicación no DOG:

- o AA1305: Expedientes de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.
- o AA4947: Expedientes de procesos selectivos de acceso do persoal estatutario do sistema público de saúde.

Apróbanse as propostas da addenda:

- o Serie: AA635: Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares. T017
- o Serie: AA3335: Expedientes de permiso de explotación a pé de recursos mariños. (PERMEX A PÉ) T018

En relación coa serie “Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares” Carlos Iglesias solicita que conste en



acta o voto en contra do IGE sobre a destrución desta serie documental mentras non se difundan os datos estatísticos.

Gabriel Quiroga di que non queda claro o que se vai a eliminar. A descrición é moi ambigua. Nas actas de eliminación deberán figurar as signatures de todo o que se vai a eliminar.

Apróbanse as propostas coas observacións feitas

6. Rolda de intervencións

Anxo Lorenzo propón a fusión dos grupos de traballo de Administración Local e Administración autonómica, chamarase Grupo de Traballo Administración Pública.

Afonso Cascudo di que isto faise en Cataluña e no País Vasco. Propón facer estudos de series comúns

José Luis Minguez comenta que seguen a ter problemas para acceder ao Espazo Arquivos.

Acordos:

1. Aprobar a acta da sesión anterior

2. Aprobar os estudos de avaliación e as propostas de selección das series documentais da Administración Local

Concello de Foz

- AL 212: Expedientes de expropiación forzosa
- AL 236: Licencias de obras menores

Concello de Ferrol

- AL 594: Padróns do imposto sobre circulación de vehículos
- AL 545: Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos
- AL 595: Padróns e listas cobratorias de taxas e prezos públicos
- AL 552: Expedientes de taxas e prezos públicos

Deputación Provincial de Pontevedra

- AP 5: Resolucións presidenciais
- AP 14: Mocións
- AP 13: Expedientes de constitución da Corporación

3. Aprobar os estudos de avaliación e propostas de selección das series documentais de Universidades

- U001. Expedientes de xestión do gasto e do pagamento
- U002. Expedientes de modificacións orzamentarias
- U003. Expedientes de bolsas de carácter xeral do ministerio
- U004. Expedientes de bolsas propias da Universidade. Bolsas comedor
- U005. Expedientes de eleccións ao Claustro Universitario

4. Aprobar os estudos de avaliación e as propostas de selección das series documentais da Administración Autonómica

- AA1305: Expedientes de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.





- AA4947: Expedientes de procesos selectivos de acceso do persoal estatutario do sistema público de saúde. Anxo advirte que falta a referencia á lei de transparencia. Mar di que é un erro, que está repetida a lei estatal e falta a galega. Hai que corrixir o estudo

5. Aprobar as propostas de eliminación de documentos:

- o Serie: AA0268: Expedientes de concursos de traslados do persoal docente de ensinanzas medias. T014
- o Serie AA1307: Expedientes de axudas para actividades de formación do alumnado en linguas estranxeiras. T016

Apróbanse pero quedan condicionadas á aprobación das Táboas de valoración e a súa posterior publicación no DOG:

- o AA1305: Expedientes de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.
- o AA4947: Expedientes de procesos selectivos de acceso do persoal estatutario do sistema público de saúde.

Apróbanse as propostas da addenda:

- o Serie: AA635: Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares. T017
- o Serie: AA3335: Expedientes de permiso de explotación a pé de recursos mariños. (PERMEX A PÉ) T018

6. Creación dun único Grupo de Traballo de Administración Pública coa fusión dos grupos de traballo de Administración Local e Administración autonómica.

7. Falar coa AMTEGA para axilizar o Espazo Colaborativo de arquivos

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13,30 horas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente.

A secretaria

M^a Josefa Piñón López

V^o e Prace

O presidente,

Anxo M. Lorenzo Suárez

